IDEAS
# PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
8 DECEMBRO 2024

# SÚBETE AL AUTOBÚS… ¡DILE SÍ!

## 1. Ver: Subimos ao autobús con María

- Seguímonos preparando para celebrar o Xubileu 2025 co lema "Peregrinos de Esperanza". E para iso seguimos a dinámica que nos propón o debuxante Fano: imos de peregrinación nun autobús morado, a cor do Advento, camiño de Belén, ao encontro con Xesús. Esta semana veremos un personaxe "invitado" especial, a María, que se asoma polo portelo da Palabra de Deus para deixarnos unha consigna a realizar. Así será un Advento XUBILOSO…

***Que sabes de María?***
***Que lle pide Deus e que responde?***

## 2. XULGAR: María di SI a Deus

- No evanxeo deste domingo, festa da Inmaculada Concepción, Deus envía o Anxo Gabriel a María para pedirlle que sexa a Nai de Xesús. Gabriel saúda: ***"Alégrate, chea de graza….Non temas, María… Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús"***. María, despois de amosarlle as súas dúbidas, acepta: ***"Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra".***

**QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- Ás veces sentimos medo ante algo que imos iniciar. Poderiamos completar esta frase: **"Se eu teño medo…"** (non

fago o que ía facer, pásoo mal, sáeme todo mal…), O medo impídenos vivir de verdade, gozar o momento…

- **María,** é unha muller sinxela que, coa súa fe e valentía, cambia o curso da historia. Vive en Nazaré, é unha moza normal pero co corazón sempre aberto a Deus. Deus ten para ela un Plan: ser a nai do seu Fillo, Xesús. María non entende como vai ser iso. Pero o Anxo dille: "non temas" pois o Espírito Santo farao posible. ***Ela confía e di: "Fágase".***
- **María é o noso modelo de crente**. Ela vence os seus medos e fai posible que Deus cumpra os seus plans connosco. Deus necesita hoxe de persoas sen medo, valentes e atrevidas, que como María confían. Necesita crentes que como a María, "a chea de graza", a chea do Espírito, confían sempre porque saben que como a ela non nos vai a faltar a forza do Espírito para **realizar o seu plan en nós**: acoller na nosa vida a Aquel que vén acender as nosas esperanzas e proxectos e facelo presente onde nos atopemos.
- Imitar a María Inmaculada, á que Deus preservou de todo pecado, é **aprender a dicirlle "si",** "fágase", o que ti queres de min, pois hoxe fan falta valentes que digan "SI".

***Que aprendo de María?***
***Pido a forza do Espírito Santo?***

## 3. ACTUAR: Dá o teu si á misión de anunciar a Xesús

- Seguindo o debuxo de Fano recortamos a **ventá de María**, coloreámola e colocámola na 1ª ventá do autobús. Pedimos "Espírito Santo, ven!" e cantamos "Súbete ao autobús".

- Acendemos **o 2ª cirio de Advento** coa oración correspondente. Falamos de Xesús a un amigo.

***Que imos facer***

# LECTURAS

**XÉNESE 3, 9-15. 20:** ***Poño hostilidade entre a túa descendencia e a descendencia da muller.***

Xa chegan días —oráculo do Señor— en que cumprirei a promesa que fixen á casa de Israel e á casa de Xudá.

Naqueles días e naquela hora, suscitarei a David un vástago lexítimo que fará xustiza e dereito na terra.

Naqueles días salvarase Xudá, e en Xerusalén vivirán tranquilos, e chamarana así: "É Señor é a nosa xustiza".

*Palabra do Señor.*

**SALMO 97: R/**

***Cantade ao Señor un cántico novo, porque fixo marabillas.***

**EFESIOS** ***1, 3-6. 11-12: Deus elixiunos en Cristo, antes da fundación do mundo.***

**LUCAS 1, 26-38:** ***Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.***

**Narrador:** Naquel tempo, o anxo Gabriel foi enviado por Deus a unha cidade de Galilea chamada Nazaré, a unha virxe desposada cun home chamado Xosé, da casa de David; o nome da virxe era María. O anxo, entrando na súa presenza, díxolle:

**Anxo**: -*«Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo».*

**Narrador:** Ela turbouse grandemente ante estas palabras e preguntábase que saúdo era aquel. O anxo díxolle:

**Anxo**: -*«Non temas, María, porque atopaches graza ante Deus. Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús. Será grande, chamarase Fillo do Altísimo, o Señor Deus daralle o trono de David, o seu pai; reinará sobre a casa de Xacob para sempre, e o seu reino non terá fin»*.

**Narrador:** E María díxolle ao anxo:

**María:** -*«Como será iso, pois non coñezo a home?»*

**Narrador:** O anxo contestoulle:

**Anxo**: -*«O Espírito Santo virá sobre ti, e a forza do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o Santo que vai nacer chamarase Fillo de Deus. Tamén a túa curmá Sabela concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaba estéril,* ***porque para Deus nada hai imposible»*.**

**Narrador:** María contestoulle:

**María: -*«Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra».***

**Narrador:** E deixouna o anxo.

*Palabra do Señor.*